



A Asociación Cultural Caldeirón promoveu recentemente a publicación dun poemario contra a iniciativa da empresa Edgewater de iniciar a extracción de ouro en Corcoesto, unha mina a ceo aberto que empregaría cantidades importantes de cianuro, coa irremediable consecuencia, segundo moitos ecoloxistas e científicos, de danos ambientais irreversibles. As actividades desta empresa na bisbarra foron suspendidas pola Xunta, pero non de forma radical, senón só por non reuniren a día de hoxe os requisitos necesarios. Por iso a Plataforma pola defensa de Corcoesto e Bergantiños segue levando a cabo xestións para conseguir unha suspensión definitiva. Ultimamente conseguiu a adhesión de [236 personalidades](#) do mundo da ciencia e da investigación.

No libro editado por Caldeirón, Versus Cianuro -unha morea-marea de poemas comprometidos- participan poetas de toda Galicia; algúns deles están vinculados a ou relacionados co Instituto de Estudos Miñoranos, que quixo sumarse a esta loita reunindo en breve antoloxía estas achegas de Amigos do IEM Versus Cianuro.

[Preme aquí para descargar os textos](#)

Os Autores

[Pepe Cáccamo](#)

[Marta Dacosta](#)

[Alberte Momán](#)

[Miguel Anxo Mouriño](#)

[Carlos Negro](#)

Colaboracións Literarias: Amigos do IEM Versus Cianuro

Escrito por IEM

Martes, 12 Novembro 2013 20:26

[Elvira Riveiro](#)